

Sábado 11 de setembro

Festa na Carballeira

Este día a actividade do Centro Sociocultural de Conxo trasládase á Carballeira do Banquete de Conxo (En caso de chuvia Centro Sociocultural de Conxo)

11h

A masa en familia. Obradoiro de pan.

Neste obradoiro en familia aprenderás a facer pan de molde natural, integral e vegano, que poderás facer na túa casa. Necesaria inscrición previa. Carballeira do Banquete de Conxo

12h

Caxoto (A trastenda dos contos) *Coas mans na masa*. Contos de igualdade

Ao gran chef Caxoto sempre lle dixeron que cocinñar era cousa de mulleres e, desta volta, quere propoñernos un menú elaborado por ingredientes de igualdade co que desmontar os estereotipos de xénero. A partir de 4 anos

17.30h

Pintura á fresca

Contempla e atrévete a pintar a natureza que observas e a capturar as cores, a luz e o movemento da vida. Anímate! Todas as idades.

A partir das 18h

Eira Xandobeira. Xogos na carballeira para todas as idades

18.30h

PAKOLAS presenta *Ramona Órbita, a dona do tempo*

Chega Ramona Órbita coa súa máquina cargada de rock and roll, disposta a percorrer os tempos para aprendernos a protexer a natureza!!!. Público familiar. Carballeira do Banquete de Conxo.

Programa Ler Conta Moito-

19.00h

Slackline obradoiro

O Slackline é un deporte urbano de equilibrio similar ao funambulismo que se practica sobre unha cinta instalada en altura sobre dous puntos fixos sobre a que se realizan diferentes movementos acrobáticos.

Con *Vella Escola Cultura Urbana*

Graffiti obradoiro nas árbores

A estética do Graffiti baséase na caligrafía do propio nome ou AKA (alcume) que pode ir acompañada de algunha figura pictórica, e que é realizada principalmente con esprais sobre diferentes soportes.

Neste obradoiro utilizaremos o soporte de cartón. Con *Osiris*

Mércores 15 de setembro

19.15h

Petiscos literarios. Club de lectura breve. Proposta de lectura breve da BPM José Saramago de Conxo para quen non ten moito tempo para a lectura. Súmate e ven coñecela!

Grande xogo virtual Do bosque ao Banquete de Conxo


Coa axuda do teu móbil e lendo os códigos QR que hai partindo xa do Centro Sociocultural de Conxo, segue as pistas en busca do segredo das árbores do Banquete de Conxo, lugar máxico onde sucedeu un fito que marcaría o devir de Compostela de finais do XIX, resolve as pescudas e goza dun lindo paseo. Duración do xogo: 1 hora e media. Destinatarios: público en xeral. Familias. Solicita a carta de comezo do xogo no CSC de Conxo



ORGANIZA



COLABORAN



+INFO no CENTRO SOCIOCULTURAL DE CONXO no tlf. 981528740 ou no csonxo@santiagodecompostela.gal

*Aforo limitado. Todas as actividades teñen un número máximo de persoas. Existe posibilidade de inscrición previa nos obradoiros chamando ao por teléfono. Faga un uso responsábel da súa reserva. Grazas



XXXIV SEMANA CULTURAL DE CONXO

Do 6 ao 11 de setembro

PROGRAMA

Luns 6 de setembro

20h

Inauguración da exposición fotográfica de **Pepe Franqueira**. A visión dun fotógrafo amator hai case medio século. Escolma de retratos, paisaxes e imaxes fotográficas en branco e negro

Martes 7 de setembro

18h

Reencontro. Espazo de xogo, clubs de tempo libre e espazo de lectura.
Xornadas de **portas abertas**. Xogos

18.30h

Presentación do proxecto **Faite Maker**. A partir de 12 anos

19.30h

Coñece a biblioteca Pública Municipal José Saramago. Reunión informativa sobre a biblioteca: servizo, solicitudes de carné, actividades, Rede de bibliotecas de Galicia, GaliciaLe, os bibliotecarios/as....

Mércores 8 de setembro

18.30h

Coñece as bicis eléctricas con **Bicis Oliveira**

Presentación do libro infantil **O soño de Liam** de **David Navarro** Brugal (ex-xogador de baloncesto) Liam adora o baloncesto e ten un soño. Ti tes algún? Ás veces os soños fanse realidade ...

19.30h **Xincana ciclista** para rapazada co **Club Ciclista Compostelano Muebles Compostela**

Todas as idades

Mércores 8 de setembro

20h

Encontro con **Luis Pasín** e **Pancho Candela** arredor do libro **Pasín: memoria dunha resistencia** da editorial Alvarellos, conducido polo autor **José Luis Estévez**

Xoves 9 de setembro

18.30h

O Conxo Imposible. Xincana de barrio. Xogos e probas por grupos. A partir de 6 anos

18.30h

Iniciación á **programación robótica**- Proxecto reciclaxe con **VERMISLAB**.

A través de retos modelo xincana e programación con Mbot, a rapazada programará robots capaces de facer unha recollida selectiva para axudar a manter o medio. 2 horas. A partir de 8 anos. Até cubrir prazas

19.30h

As letras das cancións. Actividade de animación na biblioteca

As cancións que sirven para relaxarnos, animarnos, acompañarnos. Rapazada a partir de 8 anos

20h

A virxe do Sar

Charla coa **Asociación Apatrival** e os profesores **Juan Manuel Monterroso** e **Ramón Yzquierdo Peiró** sobre a virxe gótica encontrada no río Sar en Conxo. Presenta a **Asociación de Amigos do Camiño de Santiago por Conxo**. Na Capela do Cristo

Venres 10 de setembro

18h

Roteiro guiado por Conxo

por **José Luis Vázquez Castro** veciño de Conxo. Prazas limitadas segundo inscrición

18.30h

Música Miúda *Cambia o Conto*

Banda composta por Irene Quinteiro, Miguel Alonso e Óscar Martínez con contos e cancións que falan da diversidade e a inclusión, cunha perspectiva de xénero e de promoción da lingua. Público familiar

19h

Quedada Zombie. maquillaxe, caracterización e preparación de un baile zombi.

Club Mozo (a partir de 12 anos)

19.30h

Xogos Populares: os xogos de sempre na praza. A partir de 5 anos

Xadrez con **Pablo Cordido**. Sesión de xadrez aberta a todos os públicos

20h

Maquillaxe zombie. Obradoiro. Aprende as técnicas básicas de caracterización zombie. Prazas limitadas.

20.30h

CAVORT Teatro presenta **Domy/or** Dúas escenas da obra *Balbordos* que estrearán nos fins de setembro. O novo xeito de enfrentarnos ás inxedanzas de sempre despois da experiencia colectiva do confinamento

21h

Perfomance Zombie. Representación de **baile zombie**

21.30h

Noites de Cine e Lúa. **Zombie, o regreso dos mortos vivos** (1978) de George A. Romero + curtas. Organizado pola Asociación Itinera e o Centro Sociocultural de Conxo. Ven caracterizado! Carballeira do Banquete de Conxo